



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de novembro de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día sete de novembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(854).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 31 de outubro e extraordinaria do 4 de novembro de 2025.. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(855).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS. EXPTE. 19588/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/11/2025, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica Municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 1 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 18827/111

Sentenza nº 173 do 8 de agosto de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 166/2025
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos en vehículo ao caer un anaco de cornixa)
Expte(s): 7526/243
Contía: 704 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que se ben está probado que existiu un desprendemento dunha cornixa dun vial municipal non existe proba respecto de que os danos no vehículo cuxo custe de reparación se reclama se tiveran producido a causa deste.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

2.- Contencioso. Expediente nº 17562/111

Sentenza nº 193 do 1 de setembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Ordinario: 215/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución de 10/04/2024 da Concelleira Delegada de Patrimonio, estimatoria parcial de reclamación de RPA
Expte(s): 5891/243
Contía: 51.269,49 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e recoñece o dereito do demandante a unha indemnización por importe de 9.448.46 €, incrementada cos xuros legais dende a data da presentación da reclamación previa, sendo responsable do seu abono Althenia S.L., contratista municipal.

O expediente conta con resolución expresa na que se recoñecera a responsabilidade con imputación da mesma á empresa adxudicataria do contrato de mantemento das zonas verdes, por un importe de 4.724,23 €. Resolución que se revoga pero mantendo esa responsabilidade na contratista.

A resolución, logo da práctica da proba considera axustada a dereito a resolución municipal, agás nun concreto aspecto, cal é o da concorrencia de responsabilidades entre o demandante e a empresa. Entende que a ausencia dunha tapa, que foi o que causou esta caída, é responsabilidade da contratista, e con independencia do lugar no que se atope, os rexistros e accesos deben atoparse cubertos.

Agora ben, canto aos danos corporais, discrepa da relevancia que a parte actora lle atribúe ao estado preexistente de saúde do demandante, para concluír que o accidente grave que



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 2 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

sufrira o actor no ano 1989 ten incidencia sobre o proceso de sanidade deste accidente. Acepta a valoración levada a cabo polo facultativo que informou a instancias da correduría/aseguradora municipal e que cuantificou estes danos no importe recoñecido na sentenza.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 18632/111

Auto do 2 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 131/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación de reclamación de RPA (danos en vivenda)

Expte(s): 7343/243

Contía: 762,42 €

Auto firme de 2 de setembro polo que se completa a sentenza ditada neste procedemento, a instancia da demandante, consistente en engadir ao pronunciamento expreso da condena a este Concello a reparación dos defectos que orixinaron as filtracións, que fora omitido na sentenza.

O Auto acorda completar a seguinte sentenza do 15 de xullo de 2025, engadindo á súa parte dispositiva como punto 2ª do fallo "así como a reparar la acera y las instalaciones municipales sitas en la calle Placer y que provocan la entrada de agua y con ello los daños". A sentenza era a seguinte:

Sentenza firme pola que se estima o RCA interposto contra a desestimación por silencio da RPA presentada no Concello para reclamar 762,42 euros en concepto de danos nun baixo sito na Rúa Pracer núm 3 por filtracións procedentes da beirarrúa municipal.

A sentenza recolle que "el mantenimiento de la acera, de la que es titular el Concello de Vigo, corresponde a este. Por lo tanto, habiéndose acreditado conforme al informe pericial ratificado en el acto de la vista, que las filtraciones se producen tanto a través de la acera, como a través de las juntas de la arqueta, por un deficiente estado de la acera en ese punto, el Concello de Vigo ha de responder de los daños y perjuicios derivados de dicho mal estado. Ello sin perjuicio de que, si hubiera lugar a ello, el Concello pudiera repetir contra telefónica en caso de acreditarse que los daños fueron causados por dicha empresa al colocar la arqueta o el cableado existente en la misma."

Impóñenselle as custas ao Concello de Vigo, e contra a mesma non caben recursos.

Darase traslado deste completo de sentenza ao servizo de Patrimonio e á xefatura da Área de Fomento para o seu coñecemento.

4.- Contencioso. Expediente nº 18900/111

Decreto nº 43 do 8 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 182/2025

Demandante/Recorrente: Particular

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 3 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)

O Decreto, firme, declara a desistencia do demandante e acorda o arquivo do procedemento.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

5.- Contencioso. Expediente nº 18937/111

Auto nº 76 do 9 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 186/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de RPA (danos caída na vía pública)

Expte(s): 7235/243

Esta resolución, firme, declara rematado o procedemento polo recoñecemento na vía administrativa das pretensións da parte actora.

O fondo do asunto refírese a unha reclamación de responsabilidade patrimonial da administración por danos derivados dun accidente. A contratista municipal Aqualia abonou o importe da indemnización por danos.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 18451/111

Sentenza nº 163 do 9 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 78/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de RPA (danos causados en local)

Expte(s): 7286/243

Contía: 2.628,00 €

A sentenza, firme, desestima o recurso ao considerar que non se acredita a relación de causalidade xa que non se pode concluír cal foi a causa que provocou as filtracións no local e cuxa indemnización económica da reparación dos danos se reclama.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-RPA.

7.- Contencioso. Expediente nº 19047/111

Decreto nº 45 do 10 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 204/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (danos en vehículo por mor dunha fochanca)





CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

Expte(s): 7268/243

Decreto polo que se ten por desistido ao recorrente e se declara a terminación e arquivo do procedemento, relativo ao RCA contra a desestimación por silencio da RPA presentada polo actor polos danos padecidos no seu vehículo ocasionados por unha fochanca na vía.

Polo xulgado se accede á desistencia presentada polo actor e se declara terminado ao dítarse polo Concello a resolución administrativa de data 04/08/2025 que estima a reclamación de responsabilidade patrimonial, cifrando a suma indemnizatoria na cantidade de 150 euros a favor do propietario do vehículo danado e 314,59 euros a favor da súa entidade aseguradora.

Sen imposición de custas, contra o citado Decreto xudicial non caben recursos.

Darase traslado deste Decreto ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

8.- Contencioso. Expediente nº 19207/111

Auto nº 77 do 11 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 227/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo, da reclamación de RPA (danos no vehículo por unha fochanca)

Expte(s): 7443/243

O auto declara terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente, sen expresa condena en custas procesuais, e acorda o arquivo das actuacións unha vez adquira firmeza o auto.

9.- Contencioso. Expediente nº 18965/111

Sentenza nº 167 do 11 de setembro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 211/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA (danos accidente circulación)

Expte(s): 6030/243

Contía: 18.952,59 €

A sentenza desestima o recurso contra a desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra a resolución desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial, de acordo co ditame do Consello Consultivo, polos danos reclamados que ascendían a 18.952,59 euros como consecuencia do accidente de tráfico sufrido cando circulaba en motocicleta, pola presenza dunha substancia esvaradía na calzada.

No FD Segundo non considera probada a relación de causalidade entre o funcionamento dos servizos de limpeza e o referido accidente.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 5 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A sentenza é firme e sen imposición de custas procesuais polas peculiaridades do caso.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio.

10.- Contencioso. Expediente nº 18314/111

Sentenza nº 313 do 12 de setembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7065/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Apelación da sentenza nº 3 do 14 de xaneiro do 2025 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario 336/2023 (expediente nº 16532/111)

Obxecto do recurso de orixe: Desestimación por silencio da reclamación de RPA polos danos e prexuízos causados no local da súa propiedade na rúa Hernán Cortés, derivados das obras de humanización da rúa María Berdiales

Expte(s): 6559/243

Contía: 31.951,95 €

Sentenza pola que se desestima o recurso de apelación da parte actora, contra a sentenza do XCA 2 de Vigo, pola que se estimaba en parte o RCA interposto contra a desestimación por silencio da RPA presentada ante o Concello, na que reclamaba 31.951,95 euros polos danos padecidos nun local da súa propiedade como consecuencia dunhas obras municipais de saneamento en Hernán Cortés. O XCA 2 estimou en parte o recurso ao dar por acreditado que, aínda que as obras se executaron con dilixencia e conformidade á normativa, causaron danos ao local do demandante que non tiña a obriga legal de soportar, se ben tan só recoñeceu dúas partidas procedentes e acreditadas que lle debía abonar a entidade local e que ascendía a 1.968,00 euros.

O TSXG recolle na súa sentenza desestimatoria que "como quien ha accedido a esta segunda instancia ha sido la parte actora, a la que se le reconoció el derecho a percibir 1.968,00 euros de los 31.951,95 euros reclamados, de ahí se sigue que lo que en esta instancia discute asciende a 29.983,95 euros, suma que no llega a la que permite entrar al fondo del debate, de modo que la inadmisión de este recurso en esta instancia supone su desestimación".

A sentenza foi ditada sen imposición de custas, e contra a mesma cabe interpoñer recurso de casación.

Darase traslado desta resolución aos servizos de Patrimonio e Fomento para o seu coñecemento.

11.- Contencioso. Expediente nº 19269/111

Auto nº 192 do 3 de outubro de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 273/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos en vehículo por fochanca)

Expte(s): 7631/243



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 6 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

Esta resolución acorda a terminación do procedemento polo recoñecemento na vía administrativa das pretensións do recorrente. Deixa sen efecto o acto da vista sinalada e archiva as actuacións.

O obxecto de recurso era a desestimación presunta polos danos nun vehículo causados pola presenza dun defecto na calzada.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 15596/111

Sentenza nº 979 do 15 de xullo de 2025

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de casación: 7022/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Casación – Sentenza nº 107 do 4 de xullo do 2023 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 62/2023

Obxecto do recurso de orixe: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 07/11/2022, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra desestimación das solicitudes de rectificación de autoliquidacións con devolución de ingresos indebidos

Expte(s): 5652/550, 60695/514 e 60698/514

Contía: 9.520,23 €

Esta sentenza estima o recurso de casación municipal en materia do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, fixando como criterio interpretativo que as liquidacións e autoliquidacións constitúen situacións xurídicas consolidadas e non son revisables nos casos nos que non foron impugnadas á data da Sentenza do Tribunal Constitucional nº 182 do 26 de outubro de 2021 (e non á data da publicación de dita sentenza no BOE: 25/11/2021). A xurisprudencia posterior ao 2021 do TS, invocada pola administración municipal, fixa o alcance e límites da STC nº 182 do 26 de outubro de 2021 nestes termos.

A Dirección de Ingresos (Xestión Tributaria do IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 18645/111

Sentenza nº 356 do 23 de setembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4179/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Apelación da sentenza nº 61 do 13 de marzo do 2025 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Ordinario 175/2023 (expediente nº 15956/111)

Obxecto do recurso de orixe: Inactividade do Concello de Vigo ao non acordar as medidas solicitadas na súa reclamación do 27/12/2022, sobre a inmediata supervisión da atracción “Diamond”, o inicio de expediente sancionador polo incumprimento do peche e a contaminación acústica e a adopción de medidas para garantir a normativa de contaminación acústica

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 7 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Expte(s): 9288/106
Contía: Indeterminada

A sentenza que se está a comunicar resolve o recurso de apelación interposto polo apelante en materia de ruídos e molestias causadas polas atraccións, postos e o mercado do Nadal, e lle impón as custas do procedemento por importe de 1.000 euros. Non é firme pero só cabe interpoñer recurso de casación.

O recorrente impugnou a sentenza ditada na instancia contra a inactividade municipal no control de ruídos e molestias causadas polos postos, as atraccións e o mercado do Nadal, situados nas proximidades do domicilio do apelante. Esa sentenza, relacionada con outras nas que se acordou a tramitación preferente da primeira delas -preito testemuña-, e na que se practicou proba de modo pleno, con testemuñas e pericial, desestimou a demanda considerando que si existiu actividade administrativa por parte do Concello para evitar esas molestias.

Esta sentenza ditada na apelación conclúe do mesmo modo que o Xulgado na instancia, recollendo que as percepcións subxectivas de ruído ou molestias non son quen de desprazar o probado na instancia, que foi a existencia duns límites de ruído nos limiares permitidos, son superacións só puntuais. Rexeita tamén a existencia de inactividade, posto que constan diversas medidas adoptadas, sen que incumprimentos concretos acrediten que o Concello non adoptase medidas correctoras.

O servizo de Comercio e o de Medio ambiente deben coñecer do resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 19089/111

Sentenza nº 197 do 1 de setembro de 2025
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 211/2025
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Resolución de 31/03/2025 desestimatoria de solicitude de certificación de silencio administrativo positivo (recoñecemento de permuta)
Expte(s): 46086/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto polos dous demandantes e impón as custas do procedemento.

O obxecto do recurso era a resolución municipal que desestimou a solicitude presentada o 3/2/2025 para que se lle expedise aos demandantes o certificado de silencio positivo con relación a unha solicitude de permuta de postos de traballo.

A sentenza considera temeraria a acción exercitada porque, por unha banda, esta mesma cuestión en canto ao fondo xa a resolveu este Xulgado con ocasión da anterior demanda destes actores, e por outra banda, a Sala do TSXG revogou a resolución de instancia e aclarou a interpretación de que o art. 99 da Lei de Emprego de Galicia se aplica cando un dos solicitantes da permuta sexa funcionario da Comunidade Autónoma galega.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 8 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

E a sentenza puntualiza que os requisitos que o art. 99 da LEPG non os cumpren os demandantes, e ademais non se produce o silencio positivo porque a norma especial (RD 1777/1994) así o establece e continúa vixente, e a normativa autonómica non regula nada sobre este extremo.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 14391/111

Sentenza nº 1129 do 11 de setembro de 2025

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de casación: 827/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Casación - Sentenza nº 802 de 26/10/2022 do TSXG, Sala C-A, Sec. 1ª, ditada en Recurso de apelación nº 180/2022

Obxecto do recurso de orixe: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local (Expediente nº 14001/111)

Expte(s): 35363/220, 38149/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza resolve e estima o recurso de casación promovido polo Concello de Vigo contra a sentenza do TSXG, sen imposición de custas. A sentenza é firme.

A resolución estima tamén o recurso de apelación interposto polo codemandado, atendendo ás dúas cuestións de interese casacional sobre as que se pronuncia. Un deles é con respecto ao prazo de prescrición dos créditos fronte ás administracións públicas locais, entendendo que tal prazo é de catro anos, e non de cinco como resolvera o TSXG.

A segunda das cuestións é a relativa ao dereito á percepción de retribucións pola prestación de servizos nocturnos ou festivos. Se se prestan fóra da xornada ordinaria de traballo por quendas non se integran na nómina como un concepto estable, e se retribuirán como plus ou gratificación, de modo que só se retribúen se se prestan, o que non alcanza ás vacacións, permisos, licencias ou situacións de incapacidade temporal.

Se o que acontece é que se dentro do réxime a quendas o servizo o ten que prestar en horario nocturno ou festivo, e forman parte esas horas nocturnas e festivas da súa xornada ordinaria, procede o abono, e isto é o que se unifica, casa e establece como doutrina. Pero sen recoñecer a estes conceptos unha identidade de seu como "complementos", como fixera o TSXG e se cuestionaba.

Este criterio, xa xeral, e especialmente incidente sobre o persoal que presta servizos mediante quendas, ten que terse en conta pola área de RRHH con carácter xeral dende este momento, e atender á súa extensión tamén ao persoal laboral municipal por atoparse a súa estrutura retributiva equiparada ao do persoal funcionario municipal.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 9 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional social**1.- Social. Expediente nº 16905/111**

Sentenza nº 388 do 2 de setembro de 2025

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Ordinario: 69/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Dereitos e cantidades, posto de Técnico Deportivo do grupo A2 e realización de funcións de Coordinador Deportivo do grupo A1.

Expte(s): 43854/220, 21040/333 e 5574/611

Sentenza (non firme e recorrida en suplicación) pola que se estima parcialmente a demanda dun traballador municipal do servizo de Deportes, sobre reclamación de cantidades por importe total de 56.373,78 € en concepto de produtividade pola realización de funcións relativas a un posto de superior categoría no período comprendido nos anos 2021-2022-2023.

A demanda foi estimada parcialmente, por importe total de 25.691,88 euros en concepto de diferenzas salariais correspondentes aos anos 2021, 2022 y 2023, mailo xuro por mora correspondente; e foi recoñecida a produtividade do traballador ao abeiro da proba testemuñal practicada do Xefe de Deportes e do Director Técnico, quen constataron no acto da vista a realización efectiva das tarefas de superior categoría invocadas polo demandante.

O Concello alegou (1) a prescrición de parte do período pero a sentenza desestima dita pretensión por canto no ano 202 consta un informe do servizo de Deportes recoñecendo a produtividade do traballador e polo tanto, o cómputo do prazo de prescrición foi interrompido; (2) alegou tamén que a contía reclamada non se axustaba aos cálculos municipais establecidos na instrución municipal reguladora da produtividade, e que (3) as tarefas recollidas na demanda non quedaban constatadas mediante o oportuno informe da xefatura do servizo de Deportes.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Deportes e a RRHH para o seu coñecemento.

2.- Social. Expediente nº 18279/111

Sentenza nº 4034 do 10 de setembro de 2025

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 1514/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Suplicación - Sentenza nº 457/2024 do 23/12/2024 ditada no Procedemento Ordinario nº 403/2023 Xulgado do Social nº 7 de Vigo

Obxecto do recurso de orixe: Recoñecemento do dereito a seren declarada como persoal laboral indefinido non fixo e cantidades (auxiliar administrativo dependente do servizo de gabinete da Alcaldía adscrita ao grupo do Partido Popular) (Expediente nº 15953/111)

Expte(s): 42395/220

A sentenza estima o recurso interposto polo Concello de Vigo e anula a sentenza 457/2024 do Xulgado do Social nº 7 de Vigo no PO 403/2023 por incompetencia da orde xurisdiccional social para coñecer do litixio, remitindo á actora á orde contencioso-administrativa.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 10 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

No FD único conclúe que a orde xurisdiccional contenciosa- administrativa é competente para o coñecemento da demanda consonte a xurisprudencia, con cita das STS 24 xuño 2025 rec. 4595/2023 e 11 xaneiro 2024, rec. 1673/2022 que respecto do persoal eventual contratado nas Administracións Públicas, o alcance que xuridicamente poida ter a situación de abuso na contratación por ser inusualmente longa a duración do contrato administrativo temporal será determinada pola xurisdición contenciosa-administrativa que deberá aplicar as disposicións normativas e a doutrina europea que corresponda, e non pode acudirse a xurisdición social para que baixo parámetros laborais analice o alcance que a irregularidade denunciada deba ter.

Contra a sentenza cabe interpor recurso de casación para unificación de doutrina.

O auto de 17 setembro de 2025 aclara os antecedentes 2º e 3º da sentenza.

Debe coñecer o resolto o Servizo de RRHH e Formación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 11 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(856).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE ROUPA DE TRABALLADORES MUNICIPAIS ADSCRITOS AOS SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL, TALLER DE VÍAS E OBRAS, PARQUE CENTRAL E ELECTROMECAÑICOS. EXPTE. 3075/448.

Visto o informe de fiscalización de data 31/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 30/10/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de roupa de traballadores municipais adscritos aos servizos do Parque Móbil, Taller de Vías e Obras, Parque Central e Electromecánicos (3075-448)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de roupa de traballadores municipais adscritos aos servizos do Parque Móbil, Taller de Vías e Obras, Parque Central e Electromecánicos (3075-448)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 12 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE LIMPEZA DA ROUPA DOS TRABALLADORES MUNICIPAIS ADSCRITOS OS SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL, TALLER DE VÍAS E OBRAS, PARQUE CENTRAL E ELECTROMECAÑICOS, cun orzamento orzamento base de licitación que ascende a un total de "NOVENTA E UN MIL NOVECENTOS SESENTA E UN EUROS con CATRO CÉNTIMOS" (91.966,00 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

	Taller Vías e Obras	Parque Móbil	Parque Central	Electromecánicos	Total
2025	8.968,62 €	3.233,31 €	1.009,28 €	1.366,80 €	14.578,01 €
2026	23.932,63 €	12.690,27 €	4.043,55 €	5.316,55 €	45.983,00 €
2027	14.964,01 €	9.456,96 €	3.034,27 €	3.949,75 €	31.404,99 €
TOTAL					91.966,00 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 26.05.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 28.07.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 14.578,01 € con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial dos exercicio 2026 e 2027, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, crédito por importe total de 45.983,00 € e 31.404,99 € respectivamente, segundo a seguinte distribución:

	Taller Vías e Obras	Parque Móbil	Parque Central	Electromecánicos	Total
	1532 227 0001	9202 227 0001	9293 227 0000	1650 227 00 00	
2025	8.968,62 €	3.233,31 €	1.009,28 €	1.366,80 €	14.578,01 €
2026	23.932,63 €	12.690,27 €	4.043,55 €	5.316,55 €	45.983,00 €
2027	14.964,01 €	9.456,96 €	3.034,27 €	3.949,75 €	31.404,99 €
TOTAL	47.865,26 €	25.380,54 €	8.087,10 €	10.633,10 €	91.966,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 13 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 10 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de roupa de traballadores municipais adscritos aos servizos do Parque Móbil, Taller de Vías e Obras, Parque Central e Electromecánicos (3075-448) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	LAVAMAR LAVANDERÍA INDUSTRIAL, SL	100,00
2	TINTORERÍA MIMOS NAVIA, SL	23,09

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LAVAMAR LAVANDERÍA INDUSTRIAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LAVAMAR LAVANDERÍA INDUSTRIAL, SL, o día 10 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o 23 de outubro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Escritura de constitución cos estatutos e DNI do apoderado.
- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran o obxecto social, o poder de representación e estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 14 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (32.188,10 euros), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (32.188,10 euros), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitud de retención do importe da garantía definitiva requirida.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LAVAMAR LAVANDERÍA INDUSTRIAL, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LAVAMAR LAVANDERÍA INDUSTRIAL, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 6 de outubro de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 15 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a LAVAMAR LAVANDERÍA INDUSTRIAL, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de roupa de traballadores municipais adscritos aos servizos do Parque Móbil, Taller de Vías e Obras, Parque Central e Electromecánicos (3075-448) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 91.966,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.961,04 euros.*
- b) *Propón unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do apartado 3I do Anexo I -FEC- do PCAP do 10%.*
- c) *Propón o uso de produtos de limpeza con Etiqueta Ecolóxica Europea ou equivalente.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(857).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "ESPAZO ESTANCIAL CUBERTO DESTINADO Á PRÁCTICA DE DEPORTES URBANOS EN NAVIA. INDOOR PARK NAVIA". EXPTE. 2345/441.

Visto o informe de fiscalización de data 31/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada en data 30/10/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de "Espazo estancial cuberto destinado á práctica de deportes urbanos en Navia. Indoor park Navia" (2345-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 16 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de "Espazo estancial cuberto destinado á práctica de deportes urbanos en Navia. Indoor park Navia" (2345-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO PARA CONSTRUCCIÓN DUN ESPAZO ESTANCIAL CUBERTO DESTINADO Á PRÁCTICA DE DEPORTES URBANOS EN NAVIA - INDOOR PARK NAVIA, cun orzamento orzamento base de licitación que ascende a un total de "OITENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE EUROS con SETENTA E SEIS CÉNTIMOS" (89.849,76 €), segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	26.954,93 €
2026	62.894,83 €
TOTAIS	89.849,76 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe do Servizos de Deportes e polo xefe da Área de Servizos Xerais os día 02 e 03.06.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 10.07.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420 2270600 por importe de 26.954,93 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 3420 2270600 crédito por importe de 62.894,83 €.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 16 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de "Espazo estancial cuberto destinado á práctica

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 17 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de deportes urbanos en Navia. Indoor park Navia” (2345-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	JAVIER COUTO GRANJA	86,20
2	UTE RICOY ROLDÁN SC Y CRISTINA SARANDESES RA-CAMONDE	78,16

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JAVIER COUTO GRANJA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, JAVIER COUTO GRANJA, o día 16 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 17 e 21 de outubro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- DNI do licitador (persoa física).
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (51.979,20 euros), presentan a declaración do IRPF do ano 2024 na que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (62.894,83 euros), presentan declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Autoliquidación por un importe de 3.044,50 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Documentación acreditativa da personalidade xurídica dos terceiros que poñen a disposición os medios materiais de oficina, medios materiais e persoais (se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 18 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

ben non se esixen medios persoais nin materiais no PCAP), así como declaración de non estar incursos en prohibición de contratar e declaración de posta a disposición dos seus medios.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar JAVIER COUTO GRANJA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por JAVIER COUTO GRANJA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas DATA 29 de setembro e 10 de outubro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 19 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a JAVIER COUTO GRANJA o procedemento aberto do servizo de redacción do proxecto de execución das obras de "Espazo estancial cuberto destinado á práctica de deportes urbanos en Navia. Indoor park Navia" (2345-441) cun prezo total de 73.676,80 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.786,88 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(858).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (ASPANAEX), AO DEREITO DE USO DO PISO DE PROPIEDAD MUNICIPAL SITUADO NA RÚA ANDURIÑA N.º 21- 1º A. EXPTE. 22251/240.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/10/025, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- LRBRL (Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LCSP (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de marzo de 2006.

INFORME-PROPOSTA:

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 20 de marzo de 2006 acordou ceder gratuitamente, en precario, polo prazo de 25 anos, á Asociación de persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra, ASPANAEX, o dereito de uso do piso de propiedade municipal situado na rúa Anduriña 21-1ºA desta cidade, con arreglo ás seguintes cláusulas:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 20 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

(...) 1) A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e en particular, a aqueles programas e actividades de interese xeral, de carácter social, lúdico ou cultural, que anualmente desenvolve a entidade, en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin, a entidade presentará anualmente o seu orzamento de gastos e ingresos, un proxecto de actividades, unha memoria final e un balance económico das mesmas.(...)

5) O Concello reservase a facultade de revocación unilateral da autorización, en calquer momento, cun preaviso de dous meses, por razóns de interese público, sen que se xenere dereito indemnizatorio algún a favor da usuaria polo devandito acto.

6) A cesión extinguirase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:

Transcurso do tempo máximo polo que foi otorgada a cesión.

Renuncia da asociación a dita cesión.

Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi cedida.

Incumprimento das condicións nas que foi otorgada.

Disolución da asociación.

Reclamación do ben por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á asociación cesionaria cunha antelación mínima de dous meses. (...)

Cesión formalizada en documento administrativo de data 11/08/2006.

Segundo.- A Presidenta da Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (ASPANAEX) en escrito de data 3 de setembro de 2025, comunica que (...) *Con fecha 22 de mayo de 2025 se abre el servicio residencial ASPANAEX-COIA en la calle Porriño no 5-36209 y las personas de este piso pasan al servicio Residencial, dejándoles un tiempo para trasladar sus pertenencias.*

Que después de realizar la limpieza, queremos realizar la entrega de llaves, ya que el piso está vacío y ya no ofrece servicio a las personas con Discapacidad Intelectual que allí residían.

Por ello, solicitan facer a entrega da propiedade e chaves do inmovible.

Terceiro.- O arquitecto técnico municipal emitiu informe o pasado 7 de outubro en relación ao seu estado, sinalando que (...) *A vivenda atópase en condicións aceptables, comprobándose que non se realizaron traballos de mantemento durante a cesión do mesmo, polo que mostra un desgaste normal.*

Ademais, un trasteiro vinculado á vivenda, situado na planta baixo tellado mostra un desgaste admisible.(...)

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O piso municipal sito na rua Anduriña Nº 21-1º A desta cidade, foille cedido a Asociación de persoas con discapacidade Intelectual da provincia de Pontevedra, ASPANAEX por acordo da Xunta de Goberno Local do 3/9/2006, baixo as condicións e termos xerais previstos na normativa reguladora dos bens das entidades locais, e as particulares contidas no acordo municipal de cesión.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 21 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- O RBEL regula no seu art. 111 os supostos de extinción ou resolución das cesións outorgadas polas entidades locais, establecendo neste senso que si os bens cedidos non fosen destinados ó uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión o deixase de selo posteriormente se considerará resolta a cesión e revertirán aqueles a Corporación Local. Os bens cedidos revertirán, no seu caso, ó patrimonio da entidade cedente con todas as súas pertencenzas e accesions.

Así mesmo, na clausula 6 das condicións nas que foi otorgada a cesión, que consta no acordo adoptado e reflicte o documento administrativo na que formalizouse esta, regulanse as causas de extinción da cesión e, entre outras, establece a *Renuncia da asociación a dita cesión*.

Polo tanto, a renuncia de dereitos formulada pola entidade cesionaria, é un modo de extinción da cesión prevista no título cesional, e admitida igualmente polo ordenamento xurídico cando sinala que a renuncia de dereitos será válida sempre que non sexa contraria o interese ou orde público e non perxudique a terceiros (art. 6.2 do código civil), circunstancias que no presente caso non estimase que concurran.

Dita renuncia, como reflexa a xurisprudencia, supoñe unha declaración de vontade dirixida o abandono o dexación dun beneficio, cosa, dereito, expectativa ou posición xurídica, non suxeta a unha forma especial, poidéndose producir de xeito tácito ou implícito.(SSTS 16.10.1987, 5.05.1989, ó 30.10.2001).

Consecuentemente, podese considerar, a teor do exposto e do informado polo técnico municipal respecto o estado do inmovible, que non existe inconveniente en aceptar a renuncia formulada pola asociación ASPANAEX ó uso do piso municipal que foille cedido, respondendo neste caso a un acto voluntario da asociación cesionaria de renuncia de dereitos, sen que se estime contraria o interese xeral o realizada en perxuício de terceiros, debendose proceder a súa entrega e posta a disposición desta administración, unha vez sexa adoptado o acordo municipal de aceptación e notificado o mesmo á dita asociación.

Terceiro.- Resulta competente para a aceptación da renuncia formulada pola Asociación de persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra, ASPANAEX a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público .

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Aceptar a renuncia da Asociación de persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra (ASPANAEX) ao dereito de uso do piso de propiedade municipal sito na rúa Anduriña Nº 21-1ª desta cidade, declarando extinguida, a todos os efectos, a cesión outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de setembro do 2006.

Segundo.- Notificar o presente acordo á asociación ASPANAEX, concedendolle o prazo de 10 días, a partir do seguinte a súa recepción, para que poña a disposición desta Administración Municipal dito inmovible mediante a entrega das correspondentes chaves.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 22 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(859).- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS TITULARES DAS CONCELLERÍAS DE ÁREA DE GOBERNO. EXPTE. 1483/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/11/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Por razóns de eficacia administrativas e optimización dos recursos empregados resulta aconsellable delegar nos titulares de concellerías de área de Goberno determinadas competencias da Xunta de Goberno Local. Así, en data 22 de xuño e posterior 28 de xullo de 2023, 8 de marzo e 28 de xuño de 2024, 13 de xuño de 2025 e 26 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno delegou nos titulares das concellerías de Área de Goberno determinadas atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.

Por parte da Área de Servizos Xerais solicítase a modificación da delegación de competencias da xunta de goberno Local en concelleiros/as de Área respecto da atribucións da autorización da ampliación de gasto nas certificacións mensuais da obra, cos límites do artigo 242.4 i) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tal e como establece a o artigo 160 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro 2025 procede, para súa adaptación, modificar o acordo de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas

Polo exposto, de conformidade coas previsións que se establecen nos artigos 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas no artigo 124 de dito texto legal formula á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro de 20025 e delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 23 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

“2º.- Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

(...)

2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros e servizos relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións ordinarias e finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites, no seu caso, establecidos.

(...)

SEGUNDO.- Aprobar o texto refundido das delegacións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

I.- Na Primeira Te Concellería de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

En materia de Igualdade.

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras da súa competencia.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 24 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras da súa competencia.
5. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
6. Acordar a continuación provisional das obras da súa competencia tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
7. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras.
8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos e facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.
9. Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.
10. O exercicio das accións xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.
11. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
12. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 25 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dos edificios de titularidade municipal nos adscritos as distintas áreas ou servizos.

1. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

En materia de Transportes

1. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia da prestación de servizos urbanos de transporte público en vehículos de turismo.
2. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

En materia de Deportes.

1. Outorgar a autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas agás que a lexislación sectorial atribúa expresamente a competencia a un órgano distinto da Xunta de Goberno Local.
2. Outorgar as autorizacións demaniais nas instalacións de deportivas municipais.

III.- Na Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística.En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais –sen valor económico–.

En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

IV.- Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude.

En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato nos expedientes de responsabilidade patrimonial.

V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 27 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
 - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenzas de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se desenvolvan en espazos abertos ao público de titularidade pública, incluída a vía pública e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades cando non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
8. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 28 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver, a proposta motivada da Mesa de Contratación, sobre a aceptación ou rexeitamento das xustificacións presentadas polos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais, e no caso de rexeitamento das xustificacións presentadas, a súa exclusión do procedemento.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 29 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

En materia de Recursos Humanos e Formación

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 30 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.

8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urgente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral - recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.
3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

VI. Área de Goberno de Política Social e Participación cidadá

En materia de Política de Benestar social.

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 31 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto

2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

En materia de parques e xardíns

1. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
2. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
3. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

4. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
5. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.
6. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
7. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.
3. Outorgar as autorizacións administrativas para a xestión e aproveitamento, incluída a ocupación da vía ou espazos públicos de titularidade municipal, incluso en réxime de concorrencia, do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades da campaña do Nadal e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

2º- Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a Xunta de

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 33 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.

2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros e servizos relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións ordinarias e finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites, no seu caso, establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a súa prórroga e a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concelle-rías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencia respecto dos efec-tos, cumprimento e extinción de ditos contratos.
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local.
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Resolución dos expedientes de reintegro de subvencións.
9. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
10. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 34 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

orçamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.

11. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
12. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solicitando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
13. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
14. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería delegadas de Recursos Humanos e Formación.
15. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
16. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 35 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3º.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4º.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

5º.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

6º.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

7º.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

CUARTO.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

QUINTO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

SEXTO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 36 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

7(860).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN INTEGRAL DE INSTALACIÓN HIDRÁULICA EN PAVILLÓN DO BERBÉS POR ESGOTAMENTO DA VIDA ÚTIL”. EXPTE. 2450/441.

Visto o informe xurídico de data 23/10/2025 e o informe de fiscalización do 28/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/10/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto de execución para a "RENOVACIÓN INTEGRAL DE INSTALACIÓN HIDRÁULICA EN PAVILLÓN DO BERBÉS POR AGOTAMENTO DE VIDA ÚTIL", redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez.

2.- O xefe do Servizo de Deportes – Director Deportivo e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 31.01.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 03.02.2025 resolveu iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

3.- Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos do día 24.07.2025, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 29.07.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 08.08.2025 aprobou o proxecto de execución para a "RENOVACIÓN INTEGRAL DE INSTALACIÓN HIDRÁULICA EN PAVILLÓN DO BERBÉS POR AGOTAMENTO DE VIDA ÚTIL", redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (165.637,53 €), de data xuño de 2025 e sinatura dixital do día 17 de xullo de 2025. Expte. 6649-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 08.08.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6649-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polos enxeñeiros industriais D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 16.09.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 16.09.2025.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo técnico de administración xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e deportes o día 18.09.2025.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 37 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal o día e 23.09.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe do Servizo de Deportes e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 01.10.2025.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada o día 01.10.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.10.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.10.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 24.07.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 38 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RENOVACIÓN INTEGRAL DE INSTALACIÓN HIDRÁULICA EN PAVILLÓN DO BERBÉS POR AGOTAMENTO DE VIDA ÚTIL", redactado polos Enxeñeiros Industriais D. Antonio Reboreda Fernández e D. Antonio Reboreda Martínez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (165.637,53 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.10.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3420 623 00 01 (RENOV. INTEGRAL INST. HIDRÁULICA PAVILLÓN BERBÉS), proxecto de gasto 25342006, por importe de 165.637,53 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Adxudicación da contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de "renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo". Expte. 2212/441.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 39 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- .- Adxudicación da contratación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola Alcaldía. Expte. 20570/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

8(861).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”. Expte. 2212/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 06/11/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de “Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo” (2212-441)(emenda documentación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 40 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

execución das obras de "Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo" (2212-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DO PAVIMENTO EN DISTINTAS VÍAS DO CASCO URBANO E DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO", cun orzamento base de licitación ascende a un total de "TRESCENTOS TRINTA E SETE MIL OITOCENTOS EUROS con CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS" (337.800,54 €), segundo a distribución de lotes proposta:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
Importe sen IVE	139.587,00 €	139.587,00 €	279.174,00 €
IVE 21%	29.313,27 €	29.313,27 €	58.626,54 €
TOTAL	168.900,27 €	168.900,27 €	337.800,54 €

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais e polo xefe de Área de Servizos Xerais do día 06.02.2025.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola xefa do Servizo de Contratación do día 22.04.2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 227 06 00 por importe de 270.240,44 € e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 1532 227 06 00 crédito por importe de 67.560,10 €, coa seguinte distribución:

	LOTE 1	LOTE 2	TOTAL
2025	135.120,22 €	135.120,22 €	270.240,44 €
2026	33.780,05 €	33.780,05 €	67.560,10 €
TOTAIS	168.900,27 €	168.900,27 €	337.800,54 €

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 10 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 41 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de setembro de 2025, de G.O.C., SA, do lote 2 deste procedemento, por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de "Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo" (2212-441) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. – CYGSA	85,60
2	GALAICONTROL, SL	85,54
3	G.O.C., SA	73,63
4	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, SL	60,50

- Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	GALAICONTROL, SL	85,90

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. – CYGSA (Lote 1) e GALAICONTROL, SL (Lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. – CYGSA (lote 1) e GALAICONTROL, SL (lote 2), o día 10 de outubro de 2025, que presentan a documentación requirida, ambas, o 23 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 42 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

A Mesa de Contratación, na sesión de 30 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, a Mesa acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. – CYGSA (lote 1) e GALAICONTROL, SL (lote 2) para que puideran emendar a devandita documentación. Durante o prazo concedido as licitadoras presentaron a emenda requirida.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- LOTE 1 (CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. – CYGSA)

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social e o poder de representación, así como a certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (97.710,90 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (118.230,19 €), presentan certificados de boa execución e certificacións nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 5.255,45 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

- LOTE 2 (GALAICONTROL, SL)

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social e o poder de representación, así como a certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (97.710,90 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 43 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (118.230,19 €), presentan certificados de boa execución e certificacións nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 5.255,45 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 6 de novembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. – CYGSA (lote 1) e GALAICONTROL, SL (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. – CYGSA (lote 1) e GALAICONTROL, SL (lote 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 8 de setembro e 7 de outubro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 44 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de setembro de 2025, de G.O.C., SA, do lote 2 deste procedemento, por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Adxudicar a CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A. - CYGSA o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de "Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo" (2212-441) por un prezo total do contrato de 127.181,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.072,89 euros.

Terceiro.- Adxudicar a GALAICONTROL, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción dos proxectos de execución das obras de "Renovación do pavimento en distintas vías do casco urbano e das parroquias do Concello de Vigo" (2212-441) por un prezo total do contrato de 135.458,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 23.509,24 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(862).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS INSTITUCIONAIS ORGANIZADOS POLA ALCALDÍA. Expte. 20570/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 06/11/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola Alcaldía (20570-101)

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 45 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola Alcaldía (20570-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación de acordo co principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro do previsto nos artigos 145 e 156 a 158 e 308 da LCSP, para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola Alcaldía.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e asinado con 1 de xullo de 2025.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 13 de agosto de 2025.

Cuarto.- Aprobar un límite máximo de gasto do contrato por importe de 208.013,64 € (douscentos oito mil trece con sesenta e catro euros) ive engadido. Sendo o importe do ive de 36.101,54 € (trinta e seis mil cento un con cincuenta e catro). O dito importe podería tramitarse con cargo á aplicación 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) da Alcaldía correspondente aos exercicios dos anos 2025 e 2026 ou a súa bolsa de vinculación seguintes:

- *Ano 2025: Do 16 de setembro ao 31 de decembro por importe de 52.000,00 € con cargo á aplicación 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.*
- *Ano 2026: Do 1 de xaneiro ata o 15 de setembro por importe de 156.013,64 € con cargo á aplicación 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.*

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento aberto."



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 46 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 23 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2025 de BTB SOLVE, SL por non presentar o modelo de proposición da oferta do Sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" esixido no PCAP na cláusula 14.5 e no apartado 6B) do Anexo I (FEC).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola Alcaldía (20570-101) na seguinte orde descendente:

Licitador	Criterios avaliables mediante xuízo de valor	Criterios avaliables a través de fórmula	Puntuación total
FLUGE GALICIA, SL	43	55	98,00
SACAFERRO, SL	43	20,10	63,10

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Lembrar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FLUGE GALICIA, SL, o día 24 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 30 de outubro e 3 de novembro de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa comprobada de oficio, consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social e o poder de representación, así como a certificación de estar ao corrente nas obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social. Asemade, a mercantil presenta o DNI do representante.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 47 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (145.609,55 €), figuran no expediente as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (145.609,55 €), presenta certificado de boa execución nos que a suma dos importes que nel figuran do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 8.595,61 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 6 de novembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FLUGE GALICIA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FLUGE GALICIA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 30 de setembro e 20 de outubro de 2025, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 48 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1970/1102

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2025 de BTB SOLVE, SL por non presentar o modelo de proposición da oferta do Sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" esixido no PCAP na cláusula 14.5 e no apartado 6B) do Anexo I (FEC).

Segundo.- Adxudicar a FLUGE GALICIA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais organizados pola Alcaldía (20570-101) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 208.013,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.101,54 euros.*
- b) *O prezo sen IVE dos eventos tipo A é de 16.622,25 euros.*
- c) *O prezo sen IVE dos eventos tipo B é de 6.844,25 euros.*
- d) *O prezo sen IVE dos eventos tipo C é de 1.992,22 euros.*
- e) *O prezo sen IVE dos eventos tipo D é de 1.528,67 euros.*
- f) *A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios de recursos humanos e infraestruturas, materiais, equipamentos e servizos, previstos nos subapartados I.A, I.B do apartado 3.I do Anexo I -FEC- do PCAP é do 8 %.*
- g) *A maior experiencia dos recursos humanos encadrados nos grupo I e III e esixida no PUNTO 4.1.C do PPTP:*
 - *O/a coordinador/a terá unha experiencia de máis de 6 anos.*
 - *O/a técnico/a de son terá unha experiencia de máis de 4 anos.*
 - *O/a técnico/a de iluminación terá unha experiencia de máis de 4 anos.*
 - *O/a técnico/a de audiovisuais terá unha experiencia de máis de 4 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 07/11/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/11/2025 12:52	Páxina 49 de 50
1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025	CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10(863).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/11/2025 12:52

Páxina 50 de 50

1970-1102 Aprobado por XGL 14/11/2025

CSV: A2AFD8-4C3B83-37A9B9-P1BYPN-D7S71F-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>